CONCELLO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE

FONDO SOCIAL EUROPEO

Concellaría de Benestar Social e Muller
CIM

MEMORIA ANUAL

CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2008

Ficha técnica

Localización					
Denominación	C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				
Titularidade	MUNICIPAL	Dependencia **(alcaldía, concellería...)**	BENESTAR SOCIAL E MULLER		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2		**C.P.**	15705	
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA	**Provincia**	A CORUÑA		
Teléfonos	981- 542465	**Fax**	981- 542469		
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.org				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico	MARTES E XOVES DE 9:00 A 14:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica	MARTES E VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social	MARTES E XOVES DE 9:00 A 14:00 HORAS

Persoal			
Avogada (nome, apelidos) **Tipo contrato/salario**	ESTHER ÁLVAREZ HERMIDA LABORAL FIXO GRUPO I / BRUTO MES: 3.606,86 €	**Directora (1/01/2008-27/10/2008)**	Si
Psicóloga (nome, apelidos) **Tipo contrato/salario**	Mª DOLORES LAJOS CASTAÑO FUNCIONARIA INTERINA GRUPO A / BRUTO MES: 2.376,58 € CONTRATACIÓN DE 10/04/08 – 31/12/08.	**Directora (28/10/2008-31/12/2008)**	SI

Outro persoal do CIM (nome, apelidos)	**Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual**
GLORIA NOVO MOREIRA (Traballadora Social)	LABORAL FIXO GRUPO II / 2.939,06 €
AMPARO VERDÚ H IDALGO (Auxiliar Administrativa / Administrativa dende o 2/12/2008)	LABORAL FIXO GRUPO IV / 1.702,87 €
OLALLA VÁZQUEZ PEITEADO (Psicóloga)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.416,54 €
YOLANDA CALVIÑO ABEIJÓN (Avogada)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.416,54 €
Mª DEL PILAR VARELA GÓMEZ (Auxiliar Administrativa)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.066,12 €
MARGHERITA ALBERTELLI (Uxier / Conductora)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.066,12 €
MARÍA JESÚS TABOADA PÉREZ (Avogada)	LABORAL TEMPORAL GRUPO I (SUSTITUCIÓN)
ALBORADA SERANTES BEAZ (Avogada)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.444,87 €
JOSEFA GÓMEZ ROMERO (Traballadora Social)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.304,13 €
ANA PÉREZ BARRERA (Administrativa)	OBRA / SERVIZO (INTERESE SOCIAL) / 1.087,44 €

Orzamentos		
Custo anual (€)	**Financiamento propio (€)**	**Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)**
154.375,14 €	124.375,14 €	30.000,00 € CONVENIO SGI

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	AXENDA DA MULLER 2008.									
Lugar e datas de realización	XANEIRO.									
Núm. de horas										
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	COLECTIVOS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS QUE TRABALLAN NO EIDO DA MULLER.									
Descrición do contido da actividade										
PUBLICACIÓN E ENVÍO DA AXENDA DA MULLER "UNISEX" DO ANO 2008 ÓS DISTINTOS COLECTIVOS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS QUE TRABALLAN NO EIDO DA MULLER. O DESEÑO GRÁFICO DE DITA AXENDA FOI REALIZADO POR "UQUI CEBRA" E A IMPRESIÓN POLA IMPRENTA IBÉRICA.										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
do público asistente										
Custo global da actividade:	6.958,30 €									

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	REUNIÓN INTERDISCIPLINAR CO PERSOAL TÉCNICO DE MULLER DO CONCELLO DE AMES.
Lugar e datas de realización	CENTRO DE BENESTAR SOCIAL E MULLER NA RÚA ISAAC DÍAZ PARDO, 2-4 6 DE FEBREIRO
Núm. de horas	2 HORAS

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	8									
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**	8	**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PROFESIONAIS DAS UNIDADES TÉCNICAS DE MULLER DOS CONCELLOS DE AMES E SANTIAGO.									

Descrición do contido da actividade

REUNIÓN TÉCNICA CO OBXETIVO DE MELLORAR A CALIDADE DO TRABALLO E A INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA.

AS TÉCNICAS ASISTENTES Á REUNIÓN FORON:

ALICIA CARBIA CASTRO (TRABALLADORA SOCIAL), RAQUEL DOPICO GONZÁLEZ (AVOGADA) E MÓNICA ANTELO MARTELO (PSICÓLOGA) DA UNIDADE TÉCNICA DE MULLER DO CONCELLO DE AMES.

GLORIA NOVO MOREIRA (TRABALLADORA SOCIAL), ESTHER ÁLVAREZ HERMIDA (AVOGADA), OLALLA VÁZQUEZ PEITEADO (PSICÓLOGA), YOLANDA CALVIÑO ABEIJÓN (AVOGADA) E AMPARO VERDÚ HIDALGO (AUXILIAR ADMINISTRATIVA) DA UNIDADE TÉCNICA DE MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

ACTIVIDADE CALIFICADA DE ALTO INTERESE POLA ENTIDADE ORGANIZADORA XA QUE DA UN PASO EN PROL DA UNIFICACIÓN DE CRITERIOS E FORMAS DE ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN EN VIOLENCIA DE XÉNERO.

do público asistente

AS PROFESIONAIS ASISTENTES MOSTRÁRONSE MOI INTERESADAS POLA REALIZACIÓN DESTE TIPO DE REUNIÓNS QUE SEMPRE LEVEN CONSIGO UN BO APROVEITAMENTO.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	REUNIÓN DO CONSELLO DA MULLER.
Lugar e datas de realización	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO. 25 DE FEBREIRO
Núm. de horas	40 MINUTOS

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**	16	**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO, GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS E SERVIZO GALEGO DA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER DA XUNTA DE GALICIA.

Descrición do contido da actividade

ASISTIRON: COMO PRESIDENTA: MAR MARTÍN GARCÍA (CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER); E COMO CONSELLEIRAS: PASTORA NIETO GÓMEZ (ASOCIACIÓN VIÚVAS ROSALÍA DE CASTRO), CLEOFÉ RODRIGUEZ RONDA (CENTRO VAGALUME), PURA PINTOS BARREIRO (VOCALÍA DA MULLER DA A.VV. AS BRAÑAS DE SAN ANDRËS), PILAR ANTÚNEZ (VOCALÍA DA MULLER DA A.VV. CAMIÑO DE SANTIAGO), TERESA GARCÍA BARCALA E ÁNGELES BALADO BOTANA (FEDERACIÓN AUTÍSMO GALICIA), LUISA GONZALEZ RODRIGUEZ E ROSA Mª GUDE COUSELO (AGRUPACIÓN DE AVOGADAS DE SANTIAGO), AURORA LAMAS LÓPEZ (ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA VIRXE DE BONAVAL), DOLORES LAMAS (SECRETARÍA DA MULLER DA UNIÓN COMARCAL DE CC.OO), Mª JESÚS PÉREZ NOYA (SERVIZO GALEGO DA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER), GUADALUPE RODRIGUEZ SILVA (GRUPO MUNICIPAL DO PSOE), PAULA PRADO DEL RÍO (GRUPO MUNICIPAL DEL PP), TERESA FURELOS TORAL (XEFA DE SERVIZO DA AREA DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO), E AMPARO VERDÚ HIDALGO (ACTUOU COMO SECRETARIA POR DELEGACIÓN DO SECRETARIO XERAL).

CA SEGUINTE ORDE DO DÏA: 1.- DAR CONTA DAS NOVAS ENTIDADES REXISTRADAS. 2.-DESIGNACIÓN DAS REPRESENTANTES QUE FORMAN PARTE DO CONSELLO, POR PARTE DAS DISTINTAS ENTIDADES. 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER, LEXISLATURO 2007-2011 PARA A SÚA RATIFICACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN. 4.- CONSTITUCIÓN, SE PROCEDE DE COMISIÓNS DE TRABALLO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

VALORACIÓN POSITIVA POR PARTE DA CONCELLARÏA XA QUE O QUE SE PRETENDE E A CREACIÓN DE GRUPOS DE TRABALLO CON FUNCIONAMENTO AUTÓNOMO, PERO SOMETIDOS Ó CONSELLO ; E QUE ESTE SEXA UTILIZADO COMO ÓRGANO DINAMIZADOR E ASESOR DA PROPIA CONCELLARÍA.

do público asistente

POUCA PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES REPRESENTADAS NESTE ÓRGANO, PROVOCADA QUIZÁS POLA CELEBRACIÓN DE DISTINTOS ACTOS ELECTORAIS NA CIDADE CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS XERAIS DO 9 DE MARZO.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER": PREMIO DE INVESTIGACIÓN XOHANA TORRES (XVI EDICIÓN).									
Lugar e datas de realización	PAZO DE RAXOI. 11 DE MARZO.									
Núm. de horas	2 HORAS									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PUBLICO CONVIDADO.									

Descrición do contido da actividade

ENTREGA DO PREMIO E RECEPCIÓN DO ALCALDE ÓS COLECTIVOS MUNICIPAIS DE MULLERES.

O PREMIO DE INVESTIGACIÓN XOHANA TORRES FOI INSTITUCIONALIZADO POLA CONCELLARÍA DA MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO NO ANO 1993 CO OBXETIVO DE CONTRIBUIR Ó COÑECEMENTO DAS MULLERES QUE DESTACARON NALGÚN EIDO, TANTO NA ACTUALIDADE COMO NO PASADO NA VIDA DA COMUNIDADE, PODÉNDOSE PRESENTAR TODAS AS PERSOAS DE MANEIRA INDIVIDUAL OU COLECTIVA, QUE PRESENTEN UN TRABALLO INÉDITO DE INVESTIGACIÓN. O CONTIDO DESTE TRABALLO REFERIRÁSE A CALQUEIRA ASPECTO DA MULLER DENTRO DA NOSA COMUNIDADE: SOCIOLÓXICO, HUMANO, HISTÓRICO, ETC.

NA XVI EDICIÓN PRESENTÁRONSE UN TOTAL DE TRES TRABALLOS COS LEMAS: "ALEN DO MAR", "BOLBORETA" E "MULLERES E MEDIOS DE COMUNICACIÓN"; E O XURADO POR UNANIMIDADE DECIDE OUTORGARLLE O PREMIO XOHANA TORRES NA SÚA XVI EDICIÓN, AO TRABALLO PRESENTADO BAIXO O LEMA "ALÉN DO MAR"; E EN ACTO PÚBLICO LEVADO A CABO O DÍA 11 DE MARZO DE 2008 PROCÉDESE Á IDENTIFICACIÓN DA PERSOA AUTORA DO DEVANDITO TRABALLO RESULTANDO SER A GAÑADORA DNA. SERRANA MERCEDES RIAL GARCÍA; HISTORIADORA HISPANO-URUGUAIA QUE LEVA 32 ANOS AFINCADA EN GALICIA.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O PREMIO XOHANA TORRES NO ANO 2008 CHEGOU Á SUA XVI EDICIÓN, CUNHA TRAXECTORIA POSITIVA MARCADA POLA CONTRIBUCIÓN POR PARTE DO CONCELLO Ó COÑECEMENTO DAS MULLERES DE GALICIA.

do público asistente

Custo global da actividade:	3.386,54 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER": ACTO DE HOMENAXE A OITO MULLERES INVESTIGADORAS DE SANTIAGO.
Lugar e datas de realización	HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS. 12 DE MARZO.
Núm. de horas	2 HORAS

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO CONVIDADO.

Descrición do contido da actividade

ACTO DE HOMENAXE A OITO MULLERES INVESTIGADORAS, PRESENTADO POLA XORNALISTA IRENE LOURIDO E AMENIZADO MUSICALMENTE POLA SOPRANO AÍDA LÓPEZ E O PIANISTA LUÏS MARTINEZ, DONDE SE PROCEDEU Á LECTURA DO CURRÍCULUM DAS MESMAS SEGUIDO POLA EXPRESIÓN DOS SEUS AGRADECEMENTOS E REIVINDICACIÓNS COMO MULLERES.

AS HOMENAXEADAS FORON: Mª XOSÉ AGRA ROMERO, DULCE ESTEFANÍA ÁLVAREZ, MARÍA PAZ GARCÍA RUBIO, MARGARITA LEDO ANDIÓN, ANGELES LUENGO MARTÍN, MARÍA XOSÉ RODRIGUEZ GALDO, MARGARITA SANTOS ZAS E MONTSERRAT VILARIÑO PÉREZ.

SON MULLERES CON RECOÑOCEMENTO NACIONAL E INTERNACIONAL NOS ÁMBITOS PROFESIONAIS DA FILOSOFÍA, LITERATURA, DEREITO, COMUNICACIÓN, PSICOLOXÍA, ECONOMÍA E XEOGRAFÍA HUMANA E TODAS ELAS VINCULADAS A TRAVÉS DA SUA FACETA PROFESIONAL COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

A ENTREGA DE AGASALLOS CORREU A CARGO DE: LAURA SÁNCHEZ PIÑÓN (CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA); MAR BERNAL, ADELAIDA NEGREIRA, ENCARNA OTERO E TILDE RODRIGUEZ (EX-CONCELLEIRAS DA MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO); SENÉN BARRIO (REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA); MAR MARTÍN GARCÍA (CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO); E XOSÉ A. SANCHEZ BUGALLO (ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO).

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

CUMPRÍUSE O OBXETIVO PRETENDIDO POLA CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO: VISIBILIZAR O LABOR DESTAS MULLERES NA XERACIÓN DE COÑECEMENTO E POR DE RELEVO A CADA VEZ MAIOR PRESENZA FEMININA EN POSTOS DE RELEVANCIA.

do público asistente

Custo global da actividade:	10.040,36 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CAMPAÑA DE CORRESPONSABILIDADE: TEMPOS COMPARTIDOS.
Lugar e datas de realización	CENTROS DE ENSINO (IES E CEIP DE SANTIAGO DE COMPOSTELA). MARZO, XUÑO E OUTUBRO
Núm. de horas	

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ALUMNADO DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DE PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA. 600 ALUMNAS/OS.

Descrición do contido da actividade

A CAMPAÑA LEVOUSE A CABO A TRAVÉS DE TRES ACCIÓNS:

1ª ACCIÓN, MARZO. CONVOCATORIA DUN CONCURSO DE IDEAS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DUN CARTEL, QUE TIVO COMO LEMA: ¿CÓMO SE DEBEN REPARTIR AS TAREFAS DOMÉSTICAS DENTRO DA FAMILIA?. DONDE O CARTEL GAÑADOR SE CONVERTIU NO MOTIVO CENTRAL DE TODA A CAMPAÑA.

2ª ACCIÓN, XUÑO. PRESENTACIÓN DE DITA CAMPAÑA NO CENTRO DE ENSINO O QUE PERTENECE O ALUMNO/A GAÑADOR. NESTE CASO O ALUMNO GAÑADOR FOI ANGEL JORGE IGLESIAS DO CENTRO EDUCATIVO SAN JOSÉ DE CLUNY. DURANTE O ACTO PROXECTOUSE O VIDEO INSPIRADO NO CARTEL DO ALUMNO GAÑADOR.

3ª ACCIÓN, OUTUBRO: IMPLEMENTACIÓN DA CAMPAÑA NOS SEGUINTES CENTROS EDUCATIVOS DE SANTIAGO: IES EDUARDO PONDAL, IES ANTÓN FRAGUAS, IES LAMAS DE ABADE, IES XELMIREZ I, COLEXIO LA MILAGROSA E CEIP FONTIÑAS. DITA IMPLEMENTACIÓN NOS CENTROS LEVOUSE A CABO POLO PERSOAL TECNICO DO DEPARTAMENTO DA MULLER E DA UMAD (UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÖN AS DROGODEPENDENCIAS) DO CONCELLO; PROFESORADO E EQUIPOS DE ORIENTACIÓN DE DITOS CENTROS.

O MATERIAL UTILIZADO PARA A TRANSMISIÖN DOS VALORES DE CORRESPONSABILIDADE FOI O SEGUINTE: TRÍPTICOS INFORMATIVOS, BOLSAS PORTA TODO, DISCOS VOADORES, POSTAIS, PLOTERS, PUZZLES E IMANS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

DENDE A ENTIDADE ORGANIZADORA VALÓRASE QUE SE DEU UN PASO MAIS NO FOMENTO E DIFUSIÓN DE VALORES DE CORRESPONSABILIDADE E REPARTO, TANTO DE TEMPOS DE OBRIGAS COMO DE TEMPOS DE LECER; PRINCIPIO BÁSICO DA IGUALDADE DE OPRTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES.

do público asistente

VALORACIÓN MOI POSITIVA TANTO POR PARTE DO ALUMNADO POLO NOVEDOSO E VARIADO QUE RESULTOU O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIFUSIÓN DA CAMPAÑA, COMO POR PARTE DO PROFESORADO IMPLICADO NA ELIMINACIÓN DO ESTEREOTIPO SEXISTA DA IMAXE DA MULLER VINCULADA AS TAREFAS DO FOGAR E SEN TEMPO DE LECER PARA DISFRUTE PERSOAL.

Custo global da actividade:	22.642,00 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CONTACONTOS: "O BOSQUE ENCANTADO".
Lugar e datas de realización	CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL O ENSANCHE. 4 DE ABRIL.
Núm. de horas	1 HORA.

Núm. de participantes										
HOMES	8									
por idade	**<18:**	8	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	12									
por idade	**<18:**	12	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	MENORES BENEFICIARIOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA MUNICIPAL CON EDADES COMPRENDIDAS ENTRE 3 E 8 ANOS									

Descrición do contido da actividade

CON MOTIVO DAS REUNIÓNS DE COORDINACIÓN ENTRE CLECE S.A. E O CONCELLO A EFECTOS DA MELLORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA ACORDOUSE POR PARTE DE CLECE S.A. A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN COMUNITARIA PARA PERSOAS USUARIAS, COMO POR EXEMPLO CONTA CONTOS. ESTA ACTIVIDADE FOI REALIZADA POLA EMPRESA CLECE CON CARACTER GRATUITO; POR SER A REALIZACIÓN DE ESTAS ACTIVIDADES O TIPO DE MELLORAS QUE FIGURAN NO CONTRATO DESTA EMPRESA CO CONCELLO PARA PRESTAR O SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA MUNICIPAL. CONSISTIU NUNHA SESIÓN NARRADORA DO CONTO DO BOSQUE ENCANTADO E UNHA SESIÓN DE GLOBOFLEXIA. FOI LEVADA A CABO POR MONTSE CHICO, INTEGRANTE DO GRUPO BRÉTEMA, ADICADO A ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN E DEPORTE.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A ACTIVIDADE FOI ELIXIDA COMO PARTE DAS ACTIVIDADES ASOCIACIADAS Ó SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, POR SER ÉSTA UNHA ACTIVIDADE DEMANDADA E MOI BEN ACOLLIDA POR PARTE DOS MENORES.

do público asistente

GRAO DE SATISFACCIÓN ALTO MANIFESTADO POLOS MENORES, NAIS E PAIS.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	OBRADOIRO: "BANCOS DO TEMPO".
Lugar e datas de realización	CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE. 21 DE MAIO.
Núm. de horas	3 HORAS

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	26									
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**	18	**40-50:**	8	**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO										

Descrición do contido da actividade

OBRADOIRO DIVULGATIVO, CUXO CONTIDO PRETENDEU INFORMAR DE QUÉ SON OS BANCOS DO TEMPO, CÓMO FUNCIONAN E CALES IAN A SER OS SEUS OBXETIVOS ANTE A POSIBILIDADE DE CREACIÓN.

DITO OBRADOIRO REALIZÓUSE EN DUAS SESIÓNS DE 90 MINUTOS; A PRIMEIRA PARA AS ASOCIACIÓNS E A SEGUNDA DIRIXIDA Ó PERSOAL TÉCNICO DE BENESTAR SOCIAL E MULLER. ADAPTADA CADA UNHA DESTAS SESIÓNS Ó PÚBLICO O QUE VAI DIRIXIDO.

A PERSOA QUE IMPARTÍU O OBRADOIRO FOI RAQUEL PIÑEIROS DA CONSULTORA PROXECTOS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

ACTIVIDADE ENMARCADA DENTRO DAS OFERTADAS POLO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER NO PRIMEIRO SEMESTRE DO 2008. POR CONSEGUINTE SOLICIADA ENTRE A VARIEDADE OFERTADA XA POR DESPERTAR INTERÉSE PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE O TEMA.

do público asistente

BO ACOLLEMENTO POR PARTE DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL ASISTENTES DADA A FALTA DE INFOMACIÓN EXISTENTE SOBRE O TEMA.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	PARTICIPACIÓN EN FERRADURA ABERTA.
Lugar e datas de realización	PASEO DA FERRADURA DO PARQUE DA ALAMEDA. 14,15 E 16 DE XULLO.
Núm. de horas	DE 18:00 A 21:00 HORAS (TRES HORAS DIARIAS).

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	NENOS E NENAS DE 2 A 14 ANOS, PAIS E NAIS.

Descrición do contido da actividade

FERRADURA ABERTA É UN ESPAZO DONDE NENAS, NENOS, NAIS, PAIS, FAMILIARES OU ACOMPAÑANTES COMPARTEN O PASEO DA FERRADURA, ATOPANDO NESTE ESPAZO OBRADOIROS (CESTERÏA, CONSTRUCCIÓN DE XOGOS E XOGUETES, ENCADERNACIÓN PAPIROFLEXIA E TREN TURÍSTICO); ESPAZOS DE XOGOS DEPORTIVOS E ESPAZOS LÚDICOS ADAPTADOS ÓS MÁIS CATIVOS.

A PARTICIPACIÓN EN FERRADURA ABERTA POR PARTE DA UNIDADE TÉCNICA DE MULLER LEVOUSE A CABO A TRAVÉS DA IMPLEMENTACIÓN DA CAMPAÑA "TEMPOS COMPARTIDOS", PROCEDENDO Á DIVULGACIÓN DA MESMA CO REPARTO DE MATERIAL DE DITA CAMPAÑA (TRIPTICOS, DISCOS VOADORES E POSTAIS).

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA VALOROUSE POSITIVAMENTE ESTA PRIMEIRA EXPERIENCIA DE PARTICIPACIÓN EN FERRADURA ABERTA, SOBRE TODO PORQUE ESTA EXPERIENCIA REALIZOUSE A TRAVÉS DA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOBRE O REPARTO EQUITATIVO DAS TAREFAS DOMÉSTICAS E DOS TEMPOS DE LECER NO FOGAR, XA QUE NESTE ESPAZO COINCIDEN PAIS, NAIS E NENAS/OS; QUE SON OS RESPONSABLES DIRECTOS DE DITA CORRESPONSABILIDADE E DE ESOS TEMPOS COMPARTIDOS DE LECER E DE TAREFAS.

do público asistente

PARTICIPACIÓN NOVEDOSA PERO BEN ACOLLIDA NESTE ESPAZO DE LECER E DE DISFRUTE.

Custo global da actividade:	5.000,00 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO E DE DEFENSA DA MULLER.
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL. BOP 25 DE AGOSTO.
Núm. de horas	

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.

Descrición do contido da actividade

CONVOCATORIA ANUAL DE CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.

O OBXETIVO É FAVORECER O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DESTES COLECTIVOS, PROMOVER A SUA PARTICIPACIÓN ACTIVA EN TÓDOLOS ÁMBITOS E CONTRIBUIR A FACER EFECTIVA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.

ESTE ANO BENEFICIÁRONSE DESTA SUBVENCIÓN 14 ENTIDADES.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

do público asistente

Custo global da actividade:	15.605,30 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	EXPOSICIÓN: "PIONEIRAS".
Lugar e datas de realización	CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL "O ENSANCHE". DO 1 Ó 15 DE OUTUBRO. PRESENTACIÓN: 1 DE OUTUBRO AS 19:00 HORAS.
Núm. de horas	

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PUBLICO EN XERAL									

Descrición do contido da actividade

EXPOSICIÓN REALIZADA E CEDIDA POLO SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE, QUE PRETENDE SER UNHA HOMENAXE A AQUELAS MULLERES QUE A FINALES DO SÉCULO XIX E PRINCIPIOS DO XX SE CONVERTIRON EN EMPRENDEDORAS E EMPRESARIAS, NUNHA SOCIEDADE NA QUE ESE ÁMBITO ESTABA TOTALMENTE RESERVADO PARA O HOME.

A EXPOSICIÓN É UN PERCORRIDO POLA HISTORIA DE MULLERES COMO: A LEITEIRA DE CALO, AURORA LISTE; AS EMPRESARIAS DE MARÍN E DO BARBANZA, AMALIA MÉNDEZ E ISABEL MAESTRE; A CREADORA DE SUPERMERCADOS CLAUDIO, CARMEN PÉREZ GÓMEZ; A PRIMEIRA CAMIONEIRA DE GALICIA, CELIA RIVAS; AS ARMADORAS. CARMEN PÉREZ GARCÍA E DOLORES CENTENO; A PRIMEIRA LICENCIADA EN FARMACIA, EUGENIA PEREIRA; A MAESTRA, FRANCISCA MORLÁN; A PRIMEIRA MULLER COMERCIANTE DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS, MANUELA CARBALLO; A EBANISTEIRA, MARÍA MARTÍNEZ OTERO; A MODISTA E MILITANTE POLÍTICA, Mª DOLORES MIRAMONTES; A GINECÓLOGA, OLIMPIA VALENCIA; A PRIMEIRA MÉDICA INSCRITA NO COLEXIO PROVINCIAL DE MÉDICOS DE OURENSE, PAZ PARADA; A TINTOREIRA, XESUSA PRADO; A INVENTORA DO PRIMEIRO TRAXE DE AUGAS, JOAQUINA GARCÍA; A EMPRESARIA TEXTIL, CONSUELO LIÑEIRA; A EMPRESARIA DO CARBÓN, DOMINGA LÓPEZ E AS PRIMEIRAS EN EXERCER O OFICIO DE BOTICARIAS, Mª DE LAS MERCEDES GIL E MARÍA LÓPEZ.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

ACTIVIDADE ENMARCADA DENTRO DAS OFERTADAS POLO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER NO SEGUNDO SEMESTRE DO 2008. POR CONSEGUINTE SOLICIADA ENTRE A VARIEDADE OFERTADA XA POR DESPERTAR INTERÉSE POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA.

do público asistente

ALTA SATISFACCIÓN COA ACTIVIDADE SOBRE TODO PORQUE A TRAVÉS DE ELA PRETENDÍASE RECOÑECER O ESFORZO REALIZADO POR MOITAS MULLERES; CON ESPECIAL MENCIÓN Á FIGURA DE AURORA LISTE, POLA SUA VINCULACIÓN CON SANTIAGO.

Custo global da actividade:	139,44 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTO DE APOIO Á ORGANIZACIÓN DE "DILO CAMINANDO 2008: EN MARCHA CARA A PREVENCIÓN DO CANCRO DE MAMA".
Lugar e datas de realización	RECEPCIÓN: PAZO DE RAXOI E CHARLA-COLOQUIO:CENTRO SOCIOCULTURAL DA FUNDACIÓN CAIXA GALICIA (CARREIRA DO CONDE, 18). 3 DE OUTUBRO.
Núm. de horas	2 HORAS.

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DE MULLERES AFECTADAS DE CANCRO DE MAMA, AUTORIDADES E PÚBLICO CONVIDADO.

Descrición do contido da actividade

DILO CAMINANDO É UN GRUPO DE MULLERES AFECTADAS DE CANCRO DE MAMA QUE PRETENDEN, PERCORRENDO O CAMIÑO DE SANTIAGO, DIFUNDÍR A IMPORTANCIA DA PREVENCIÓN E DOS HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES, ADEMAIS DE FACER UNHA DEMOSTRACIÓN DE QUE SE LLE PODE FACER FRENTE A DITA ENFERMIDADE.

O CAMIÑO DE SANTIAGO REALIZÓUSE EN TRES FASES NOS ANOS 2006, 2007 e 2008; PARTICIPANDO EN ESTA ÚLTIMA FASE AS SEGUINTES ASOCIACIÓNS: AMAC-GEMA (ASOCIACIÓN DE MULLERES ARAGONESAS CON CANCRO XENITAL E DE MAMA), ADICAM (ASOCIACIÓN DE DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA DE CANGAS DO MORRAZO), ALMOM(ASOCIACIÓN LEONESA DE MULLERES OPERADAS DE CANCRO DE MAMA), SARAY (ASOCIACIÓN DE MULLERES DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA DE NAVARRA) E ASOCIACIÓN PUNTO E SEGUIDO DA CORUÑA.

O ACTO CONSISTEU NA RECEPCIÓN DE ESTAS MULLERES POR PARTE DO ALCALDE, COMO FASE FINAL DO CAMIÑO, NO PAZO DE RAXOI; NA QUE ESTUVERON PRESENTES TAMÉN: Mª LUISA NOENO CEAMANOS (CONSEJERA DE SANIDAD Y CONSUMO DEL GOBIERNO DE ARAGÓN), TERESA ANTOÑANZAS (DIRECTORA GENERAL DE ATENCIÓN AL USUARIO DEL DEPARTAMENTO DE SALUD Y CONSUMO DEL GOBIERNO DE ARAGÓN), Mª JOSÉ RUBIO VIDAL (CONSELLEIRA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA) E MAR MARTÍN GARCÍA (CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER DO CONCELLO). SEGUIDO POLA TARDE E CA COLABORACIÓN DA COSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA, DUNHA CHARLA-COLOQUIO NO CENTRO SOCIOCULTURAL DA FUNDACIÓN CAIXA GALICIA NA QUE PARTICIPARON: MAR MARTÍN GARCIA (CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER), MARÍA JOSÉ AYBAR (PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN AMAC-GEMA), AUREA GONZÁLEZ (PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN PUNTO E SEGUIDO), JOAQUÍN MOSQUERA OSEF (MÉDICO ESPECIALISTA EN RADIOLOXÍA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA) E RAMÓN MEDINA GONZÁLEZ-REDONDO (DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA).

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA VALOROUSE O ACTO COMO UNHA CONTRIBUCIÓN Á ELIMINACIÓN DE TABÚES SOBRE O TERMO CANCRO E A CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN EMPRENDIDA POR ESTAS MULLERES AFECTADAS EN PROL DA CONVENIENCIA DE LEVAR H¨BITOS DE VIDA SAUDABLES PARA A PREVENCIÓN DE ESTA ENFERMIDADE.

do público asistente

ACTO MOI EMOTIVO POR PARTE DAS MULLERES AFECTADAS E DO PÚBLICO EN XERAL.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	REUNIÓN DE COORDINACIÓN CO SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS) DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA.
Lugar e datas de realización	EDIFICIO DE BENESTAR SOCIAL E MULLER NA RÚA ISAAC DÍAZ PARDO, 2-4. 22 DE OUTUBRO
Núm. de horas	1 HORA E 30 MINUTOS.

Núm. de participantes

HOMES	5									
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**	2	**40-50:**	1	**> 50:**	2
MULLERES	10									
por idade	**<18:**		**18-30:**	2	**30-40:**	6	**40-50:**	2	**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO										

Descrición do contido da actividade

REUNIÓN DE COORDINACIÓN COS PROFESIONAIS INTEGRANTES DO SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS); CORPO DE NOVA CREACIÓN PERTENECENTE Ó CORPO NACIONAL DE POLICÍA. DITA REUNIÓN TIVO COMO OBXETIVO ESTABLECER UN COÑECEMENTO MUTUO SOBRE OS RESPECTIVOS SERVIZOS, QUE PERMITA MELLORAR A ATENCIÓN ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
ACUDE Á REUNIÓN JUAN CÁSTOR VÁZQUEZ, INSPECTOR XEFE DA BRIGADA XUDICIAL; ACOMPAÑADO POR TRES COMPAÑEIROS DO SAF E DOUS DA UPAP.
O INSPECTOR XEFE INFORMA DA RECENTE CREACIÓN DO SAF DENTRO DA BRIGADA XUDICIAL, QUE SE OCUPARÁ DA INVESTIGACIÓN DE TÓDOLOS DELITOS RELACIONADOS COA VIOLENCIA DE XÉNERO (MALOS TRATOS, ACOSO SEXUAL, AGRESIÓN SEXUAL...); CO TELEFONO DE CONTACTO 981- 55 11 47 E UBICACIÓN NA RÚA RODRIGO DE PADRÓN EN SANTIAGO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

REUNIÓN QUE RESULTOU DE GRAN INTERESE POLA ENTIDADE ORGANIZADORA XA QUE DA UN PASO EN PROL DA COORDINACIÓN E DAS FORMAS DE ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN EN VIOLENCIA DE XÉNERO.

do público asistente

OS PROFESIONAIS DO CORPO NACIONAL DE POLICIA VALORARON POSITIVAMENTE DITA REUNIÓN POR PROPORCIONARLLE ÉSTA UN COÑECENENTO MAIS CONCRETO DAS FORMAS DE ACTUACIÓN E DOS SERVIZOS QUE SE LLE OFERTAN ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DENDE A UNIDADE TËCNICA DE MULLER DESTA CONCELLARÍA.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	CONSELLO DA MULLER.
Lugar e datas de realización	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO 11 DE NOVEMBRO.
Núm. de horas	55 MINUTOS.

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	13									
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**	6	**40-50:**	4	**> 50:**	3
PÚBLICO OBXECTIVO										

Descrición do contido da actividade

ASISTIRON: COMO PRESIDENTA: MAR MARTÍN GARCÍA (CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER); E COMO CONSELLEIRAS: CLEOFÉ RODRIGUEZ RONDA (CENTRO VAGALUME), EVA MOSQUERA MIRA (SECRETARÍA DA MULLER DE UGT), Mª CLARA BARROS GARCÍA (VOCALÍA DA MULLER DA ASOCIACIÓN PONTE DO ROMAÑO), MARÍA DIEGUEZ DIÉGUEZ (FEDERACIÓN GALEGA DE MULLERES RURALES-FEGAMUR), MARÍA SEOANE ROMERO (GRUPO MUNICIPAL DO PP), SOCORRO GARCÍA CONDE (GRUPO MUNICIPAL DO BNG), TERESA FURELOS TORAL (XEFA DE SERVIZO DA AREA DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO), GLORIA NOVO MOREIRA (TRABALLADORA SOCIAL DA UNIDADE TÉCNICA DE MULLER), Mª DOLORES LAJOS CASTAÑO (PSICÓLOGA DA UNIDADE TÉCNICA DE MULLER), MARÍA VARELA TUBÍO E CLAUDIA ROBLEDO RAMÍREZ (TRABALLADORAS SOCIAIS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN) E AMPARO VERDÚ HIDALGO (SECRETARIA POR DELEGACIÓN DO SECRETARIO XERAL).

CA SEGUINTE ORDE DO DÏA: 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. 2.- CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. 3.- AVALIACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2003-2007. 4.- AVANCE NAS ACTUACIÓNS QUE SE ESTÁN A LEVAR A CABO PARA A REDACCIÓN DO NOVO PLAN DE IGUALDADE. 5.- INFORMACIÓN SOBRE BANCOS DO TEMPO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

POCA PARTICIPACIÓN E POR CONSEGUINTE POUCA REPRESENTATIVIDADE NUN CONSELLO ONDE A ORDE DO DÍA TIÑA UN MARCADO INTERESE.

do público asistente

PARTICIPACIÓN ACTIVA POR PARTE DAS MULLERES ASISTENTES Ó CONSELLO.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	REUNIÓN CON PROFESIONAIS DO SERGAS.
Lugar e datas de realización	CENTRO DE BENESTAR SOCIAL E MULLER (RÚA ISAAC DIAZ PARDO, 2-4). 19 DE NOVEMBRO.
Núm. de horas	1 HORA E 30 MINUTOS.

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	10									
por idade	**<18:**		**18-30:**	2	**30-40:**	4	**40-50:**	2	**> 50:**	2
PÚBLICO OBXECTIVO										

Descrición do contido da actividade

A REUNIÓN DO EQUIPO TÉCNICO DE MULLER CON BEGOÑA RAMÓN LÓPEZ (TRABALLADORA SOCIAL DO SERVIZO DE URXENCIAS DO CHUS) E CON ALCIRA BALEATO NEGREIRA (COORDINADORA DAS TRABALLADORAS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA DO AMBULATORIO CONCEPCIÓN ARENAL), CÉNTRASE EN DAR A COÑECER OS RECURSOS ORIENTADOS A COMBATIR A VIOLENCIA DE XÉNERO.
DENDE A UNIDADE TÉCNICA DE MULLER EXPÓNSELLE A NECESIDADE DE COORDINACIÓN QUE EXISTE PARA FACER DERIVACIÓNS DAS VÍTIMAS ÓS CENTROS DONDE EXISTA UN EQUIPO MULTIDISCIPLINAR DÓNDE SE LLE FACILITARÁ ORIENTACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO PARA FACER FRENTE A SÚA SITUACIÓN.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A PRESENZA DAS DÚAS TRABALLADORAS SOCIAIS É IMPORTANTE POR CONSIDERARSE DENDE A UNIDADE TËCNICA DE MULLER DE QUE A GRAN MAIORÍA DOS CASOS SE DETECTAN ESPECIFICAMENTE NO SERVIZO DE URXENCIA DO CHUS E NO SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA; DE AQUÍ QUE SE DECIDÍRA CONVOCAR DITA REUNIÓN.

do público asistente

AS PROFESIONAIS ASISTENTES MOSTRÁRONSE MOI INTERESADAS POLA REALIZACIÓN DESTE TIPO DE REUNIÓNS XA QUE ÁMBALAS DÚAS COINCIDEN EN EXPOÑER AS DIFICULTADES QUE TEÑEN A HORA DE FACER DERIVACIÓN DAS MULLERES QUE SON VÍTIMAS DE VIOLENCIA.

Custo global da actividade:	ACTIVIDADE SEN CUSTO.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO:"DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO". ENTREGA DE PREMIOS DA VII EDICIÓN DO CONCURSO: "EDUCANDO NA CONVIVENCIA EN IGUALDADE".
Lugar e datas de realización	CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE. 25 DE NOVEMBRO.
Núm. de horas	1 HORA.

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**	22	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**	1	**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**	31	**18-30:**	2	**30-40:**	3	**40-50:**	1	**> 50:**	2

PÚBLICO OBXECTIVO	ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE NO CONCURSO. 62 PERSOAS.

Descrición do contido da actividade

"EDUCANDO NA CONVIVENCIA EN IGUALDADE" É UN CONCURSO DE DEBUXO EXPLICATIVO SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE SE CONVOCA ANUALMENTE DENTRO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

O CONTIDO DO TRABALLO REFÍRESE Á VISIÓN DO ALUMNADO PARTICIPANTE SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO. ESTE ANO CO LEMA: "A MIÑA VISIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO".

NESTA EDICIÓN O XURADO DECLAROU GAÑADOR DO PRIMEIRO PREMIO O TRABALLO PRESENTADO POR: D. ANDRÉS PELETEIRO RAÍNDO DE 4º ESO C DO IES ROSALÍA DE CASTRO E COMO GAÑADORA DO SEGUNDO PREMIO O TRABALLO PRESENTADO POR: Mª AUREA PET PAZOS DE 4º ESO A , TAMÉN DO IES ROSALÍA DE CASTRO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

TENDO EN CONTA QUE A VIOLENCIA DE XÉNERO E UN PROBLEMA QUE AFECTA A TODA A SOCIEDADE, TODAS AQUELAS POLÍTICAS NAS QUE SE PROGRAMEN ACTIVIDADES DIRIXIDAS A IMPULSAR A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA EXERCIDA CONTRA AS MULLERES, DENDE A PERSPECTIVA DA PREVENCIÓN, PROPICIANDO UN CAMBIO DE VALORES QUE IMPLIQUE PARTICIPAR NUN FUTURO DUNHA SOCIEDADE SEN VIOLENCIA, SUPÓN UN LOGRO POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA.

do público asistente

GRAO DE SATISFACCIÓN ALTO POR PARTE DO ALUMNADO E DO PROFESORADO IMPLICADO NA PARTICIPACIÓN DE ESTOS PREMIOS.

Custo global da actividade:	2.418,13 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO:"DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO". EN PARELLA CONVIVIMOS, NON COMPETIMOS.
Lugar e datas de realización	PAVILLÓN DO RESTOLLAL 25 DE NOVEMBRO
Núm. de horas	1 HORA.

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	ENTIDADES DEPORTIVAS, CORPORACIÓN MUNICIPAL E PÚBLICO CONVIDADO. 250 PERSOAS.

Descrición do contido da actividade

ACTO INSTITUCIONAL PRESIDIDO POLO ALCALDE, XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO, CENTRADO NO REXEITAMENTO Á VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, A TRAVÉS DO MUNDO DO DEPORTE.

O OBXETIVO FOI ACHEGAR MENSAXES DE SENSIBILIZACIÓN COS QUE IMPLICAR AOS HOMES NESTA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E CONCIENCIALOS DA NECESIDADE DE DENUNCIAR AQUELAS SITUACIÖNS DE VIOLENCIA QUE COÑEZAN.

NO TRANSCURSO DA SUA INTERVENCIÓN, O ALCALDE, TRASLADOU O APOIO ÁS FAMILIAS DE TODAS E CADA UNHA DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO; EXPRESOU A MÁIS ENÉRXICA CONDENA AOS QUE EXERCEN A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, ÓS QUE A IGNORAN, LLE RESTAN IMPORTANCIA OU A TOLERAN DE CALQUERA XEITO; E TAMÉN RESALTOU QUE O DA VIOLENCIA DE XÉNERO É UN PROBLEMA QUE AFECTA A TODA A SOCIEDADE, DEMANDANDO DAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS O IMPULSO DE TODAS AQUELAS POLÍTICAS DIRIXIDAS A ELIMINAR DITA VIOLENCIA, DENDE A PERSPECTIVA DA PROTECCIÖN , DA ASISTENCIA E DA PREVENCIÓN.

ADEMAIS OS DEPORTISTAS TIVERON OCASIÓN DE PRONUNCIAR DIVERSAS FRASES SOBRE O TEMA.

O MATERIAL EMPREGADO NESTA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN FOI: CUÑAS RADIOFÓNICAS NA CADEA SER E CADEA DIAL, MENSAXES NOS MUPIS EXISTENTES NA CIDADE, PLOTERS E CHAPAS CO LEMA DO ACTO.

AS ENTIDADES DEPORTIVAS ASISTENTES FORON: A. LOBELLE DE SANTIAGO (FÚTBOL-SALA), AMIO (FÚTBOL), ARQUEIROS DE COMPOSTELA (TIRO CON ARCO), ASPAS (POLIDEPORTIVO), BALONCESTO PÍO XII, CASTIÑEIRIÑO DE SANTIAGO (POLIDEPORTIVO), CICLISTA COMPOSTELANO, BALONCESTO CLUNY, DON BOSCO (POLIDEPORTIVO), FONTIÑAS C.D (SENDEIRISMO), FUNERARIA APÓSTOL F.S (FÚTBOL-SALA), HOCKEY RAXOI (HOCKEY A PATÍNS), LOITA STELLAE (LOITAS OLÍMPICAS), NATACIÓN SANTIAGO, TRIATLÓN BRICOSA SANTIAGO, USC (XEDREZ E ATLETISMO) E WATERPOLO SANTIAGO.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

VALORACIÓN POSITIVA POR SER ESTA UNHA LIÑA DE CONTINUIDADE NA CONCIENCIACIÓN DO HOME NA NON VIOLENCIA DE CARA Á MULLER. XA QUE O MANTEMENTO DE ROLES SEXISTAS PERPETÚA AS SITUACIÓNS DE DISCRIMINACIÓN E A RESISTENCIA A DENUNCIAR OS CASOS DE VIOLENCIA.

do público asistente

IMPLICACIÓN IMPORTANTE POR PARTE DAS ENTIDADES DEPORTIVAS NA CONDENA ENÉRXICA TRANSMITIDA NA SUA PARTICIPACIÓN NO ACTO A TRAVÉS DAS FRASES.

Custo global da actividade:	1.531,18 €

3. <u>COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM</u>.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A ACREDITACIÓN COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO.

A TRAVÉS DO C.I.M PRETÉNDESE:

DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.

PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ESTA É O RESULTADO MAIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.

POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA AVOGADA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.

O C.I.M DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

<u>AS ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS CONSISTEN EN</u>: A ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA AVOGADA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE TRABALLA EN ASESORÍA XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL. ESTA ATENCIÓN COMPLEMÉNTASE CO RESTO DO EQUIPO DE PERSOAL DA CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER: TRABALLADORAS SOCIAIS , EDUCADORAS FAMILIARES, UNIDADE DE ATENCIÓN A FAMILIA (UAF), UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) E UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS MIGRACIÓNS (UAMI).

AS ACTUACIÓNS COMUNITARIAS PRETENDEN: PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, PREMIOS; CO FIN DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

4. SUXESTIÓNS.

DENDE A UNIDADE TÉCNICA DE MULLER OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE DESDE O SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE SE LEVE A CABO UN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO, PARA TÓDOLOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN EN ATENCIÓN ÁS VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

TAMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

5. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.
- CHUS (CENTRO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).
- UNIDADES SAÚDE MENTAL.
- CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHERELATO.
- CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA .
- XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.
- XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.
- GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA.

- GARDA CIVIL.
- POLICÍA LOCAL.
- POLICÍA NACIONAL: UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER). SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).
- CENTROS PENITENCIARIOS DE TEIXEIRO E MONTERROSO.
- PROXECTO HOME.
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.
- CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.
- COLEXIO DE PSICÓLOGOS DE GALICIA.
- COLEXIOS E AVOGADOS DE SANTIAGO, CORUÑA E FERROL.
- COLEXIO DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICIA.
- SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA.
- SERVIZO DE EXTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.
- FISCALÍA.
- FUNGA.
- IMELGA.
- EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- PUNTO DE ENCONTRO (GOF. XUNTA DE GALICIA).
- SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE.
- SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR.
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL.
- CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.

6. RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE O CIM, FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, DE PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA E CARTAS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: “LA VOZ DE GALICIA” E “EL CORREO GALLEGO” .

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: “LA CADENA SER”, “CADENA DIAL” E “A RADIO GALEGA”.

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: “A GALEGA” E “LOCALIA”.

NO PUNTO OITO DESTA MEMORIA ADXUNTASE REVISTA DE PRENSA.

7. FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DO CIM.

ESTHER ÁLVAREZ HERMIDA.(AVOGADA).

2008.- CURSO: A LEI DE DEPENDENCIA. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: INMIGRACIÓN EXTRANXERÍA E AUXILIO. ORGANIZADO POLA FEDERACIÓN DE SERVIZOS E PUBLICACIÓNS DE UXT – GALICIA. (30 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: MEDIACIÓN FAMILIAR. ORGANIZADO POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- ACTIVIDADE FORMATIVA: NOVAS MASCULINIDADES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN DE HOMES GALEGOS POLA IGUALDADE, EN COLABORACIÓN COA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- XORNADAS GALEGAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO. ORGANIZADAS POLA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Mª DOLORES LAJOS CASTAÑO (PSICÓLOGA).

2008.- XORNADA INFORMATIVA PARA CIMS E PIMS. ORGANIZADA POLO SGI. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- OBRADOIRO: FUNCIÓNS DO/A PSICÓLOGO/A EN SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS. ORGANIZADO POLO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA. (4 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: CONTROL E MANEXO DO ESTRÉS. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (13 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: MULLER, IGUALDADE E DEREITO. UNHA LACRA MÁIS: A VIOLENCIA DE XÉNERO. ORGANIZADO POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. (30 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- XORNADA: MULLERES E... LEI DO DIVORCIO. ORGANIZADA POLO SGI. (4 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: TRABALLO EN EQUIPO E COLABORACIÖN ENTRE PROFESIONAIS E USUARIOS: ALIANZAS DE TRABALLO NA INTERVENCIÖN SOCIAL. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (5 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: DESEÑO DE PROXECTOS SOCIAIS. NIVEL I: CONCEPTOS XERAIS; METODOLOXÍA E TÉCNICAS. ORGANIZADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA. (20 HORAS). CARBALLO (A CORUÑA).

2008.- CURSO DE FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DE SERVIZOS SOCIAIS EN MATERIAL DE INMIGRACIÓN. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CONGRESO: INTERNACIONAL SOBRE ACOLLEMENTO FAMILIAR. ORGANIZADO POLA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR. (20 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- ACTIVIDADE FORMATIVA: NOVAS MASCULINIDADES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN DE HOMES GALEGOS POLA IGUALDADE, EN COLABORACIÓN COA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- XORNADAS GALEGAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO. ORGANIZADAS POLA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

GLORIA NOVO MOREIRA (TRABALLADORA SOCIAL).

2008.- CURSO: A LEI DE DEPENDENCIA. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- XORNADA INFORMATIVA PARA CIMS E PIMS. ORGANIZADA POLO SGI. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: A PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. ORGANIZADO POLA EGAP. (32 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: O TESOURO DAS FAMILIAS. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (24 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO. ORGANIZADO POLA FEDERACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE UGT-GALICIA. (30 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- OBRADOIRO: BANCOS DO TEMPO. ORGANIZADO POLO CIM DE SANTIAGO. (3 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: MOOBING; ACOSO PSICOLÓXICO NO TRABALLO. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (12 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: CONTROL E MANEXO DO ESTRÉS. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (13 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: TRABALLO EN EQUIPO E COLABORACIÖN ENTRE PROFESIONAIS E USUARIOS: ALIANZAS DE TRABALLO NA INTERVENCIÖN SOCIAL. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (5 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO DE FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DE SERVIZOS SOCIAIS EN MATERIAL DE INMIGRACIÓN. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CONGRESO: INTERNACIONAL SOBRE ACOLLEMENTO FAMILIAR. ORGANIZADO POLA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR. (20 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: APLICACIÓN ÓS SERVIZOS SOCIAIS. ORGANIZADO POLO INSTITUTO DA MULLER. (60 HORAS). ON- LINE.

2008.- CURSO: PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS. NIVEL BÁSICO. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (30 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- XORNADAS GALEGAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO. ORGANIZADAS POLA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO TEMPO. ORGANIZADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA. (20 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

AMPARO VERDÚ HIDALGO (AUXILIAR ADMINISTRATIVA).

2007/2008.- CURSO DE ESPECIALISTA UNIVERSITARIO EN ADMINISTRACIÓN LOCAL. ORGANIZADO POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (300 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: TRABALLO EN EQUIPO E COLABORACIÖN ENTRE PROFESIONAIS E USUARIOS: ALIANZAS DE TRABALLO NA INTERVENCIÖN SOCIAL. ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SANTIAGO. (5 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2008.- CURSO: SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. ORGANIZADO POLO INSTITUTO DA MULLER. (30 HORAS). ON – LINE.

2008.- XORNADAS GALEGAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO. ORGANIZADAS POLA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE. (10 HORAS). SANTIAGO DE COMPOSTELA.

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ADXÚNTASE REVISTA DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM.